

LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

As Nogais, 14 de decembro de 2023.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 3957

POL

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 14 de decembro de 2023, aprobáronse as bases que rexerán o proceso selectivo para a cobertura mediante oposición de 1 praza de Traballador/a Social a xornada completa e de duración máxima de 6 meses como persoal temporal ao abeiro das subvencións da Xunta de Galicia para transferencias finalistas para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no decreto 99/2012, do 16 de marzo e a creación de bolsa de reserva. As bases reguladoras estarán expostas na páxina web e na sede electrónica do Concello de Pol, así como no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial. O prazo de presentación de solicitudes será de **5 días hábiles** a contar dende o seguinte ao da publicación do presente anuncio.

Pol, 15 de decembro de 2023.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 3958

SARRIA

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO PADRÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

EDICTO

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación do prezo público correspondentes ó servizo de axuda no fogar do **MES DE NOVIEMBRE DE 2023**.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias de servizos sociais do Concello de Sarria, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquer outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co establecido no art º 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo e artº 6 da ordenanza fiscal municipal comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

Nos primeiros vinte días do mes seguinte á prestación do SAF, na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto.

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Sarria, 11 de decembro de 2023.- O ALCALDE PRESIDENTE, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 3959

FUNDACIÓN TERREO

Anuncio

Por acordo da Asamblea de Patronos da Fundación municipal "TerrEo", reunida en sesión extraordinaria do 31 de outubro de 2023, aprobouse inicialmente o expediente de modificación de créditos 6/2023- expediente de suplemento de crédito- dentro do vixente Orzamento, por importe de 31.121,73 € (Trinta e un mil cento vinte e